

Universidade de Vigo -  
Registro XeralSaída Nº. 201600006635  
25/04/2016 10:23:55**INSTRUCCIÓN RELATIVA AOS DÍAS ADICIONAIS DE PERMISO DO PERSOAL  
DOCENTE E INVESTIGADOR NO ANO 2016, POLA COINCIDENCIA EN  
SÁBADO DOS DÍAS 24 E 31 DE DECEMBRO.**

A Resolución de 28 de decembro de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e o seus organismos públicos, establece no punto 9.8 que “os calendarios laborais incorporarán dous días de permiso cando os días 24 e 31 de decembro coincidan en festivo, sábado ou día non laborable”.

No ano 2016 concorre a circunstancia prevista no precepto citado, dado que os días 24 e 31 de decembro coinciden en sábado.

En consecuencia, en exercicio das competencias asignadas, esta Reitoría dispón que o persoal docente e investigador terá dereito a gozar dun día adicional por asuntos particulares por cada un deles, sempre que o persoal teña un contrato ou nomeamento en vigor nas referidas datas, días que poderán gozarse ata o 31 de xaneiro de 2017 se as necesidades de servizo impedian facer uso deles antes de finalizar o mes de decembro.

Vigo, 25 de abril de 2016

O Reitor,

Por delegación R.R. 07/05/2014 (DOG do 13/05/2014)

A Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana María Graña Rodríguez